Recomendación ao Concello de O Porriño de que con urxencia se cumpra a obriga de responder á solicitude de información pública e ao recurso pendentes e recordatorio de deberes legais e advertencia da súa obriga de remitir no prazo de quince días, os informes que lle requira a Valedora do Pobo

Expediente: G.6.Q/13470/23

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx referente a unha solicitude de información pública dirixida ao Concello do Porriño.

ANTECEDENTES

1. No escrito indica

"… el 25/03/2023 () se le solicitó al Ayuntamiento de Porriño acceso electrónico pleno al EXPTE.: xxx/2022, debiendo contener inherentes los metadatos mínimos obligatorios según lo establecido en la Norma Técnica de Interoperabilidad (BOE-A-2011-13168 - BOE-A-2011-13169 - BOE-A-2011-13170). Que, el 08/07/2023 (2023-E-RE-4368) ante la falta de respuesta se formuló recurso de reposición contra la desestimación presunta por silencio administrativo de la solicitud presentada el 25 de marzo de 2023 y se instó al Ayuntamiento para que, siguiendo los trámites legales oportunos, dictase resolución acordando facilitar acceso a la información solicitada. Que, a día de hoy, y vencido el plazo legalmente establecido para hacerlo, no se ha obtenido ninguna respuesta al respecto, ni siquiera han alegado -y mucho menos acreditado- la imposibilidad de hacerlo. De conformidad con el artículo 21 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (en adelante, LPACAP), la Administración Pública tiene la obligación de resolver de manera expresa cualquier procedimiento administrativo, independientemente de la forma en la que hubiera sido iniciado: de oficio o a solicitud del interesado. El silencio y la inacción constituyen un frontal incumplimiento del mandato contenido en el artículo 42.1 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (EDL 1992/17271), generando una situación de inseguridad al solicitante. Esa omisión del deber por parte de la Administración, mediante una conducta claramente ilegal y contraria al ordenamiento que tiene su origen en su propio incumplimiento, al no resolver los procedimientos pendientes, genera indefensión y pretende obtener ventajas frente a quienes sufren los efectos de la inseguridad generada. Es importante recordar el pronunciamiento del Tribunal Supremo cuando

afirma: Nadie puede obtener beneficios de sus propios errores, omisiones e infracciones…”.

2. Ante iso requirimos informe a ese concello hai tempo, a reiteramos en diferentes ocasións, fixemos chamadas urxindo a resposta pendente, e mesmo formulamos ao concello un recordatorio de deberes legais respecto da obriga de informar.

A pesar diso e do tempo transcorrido non se recibíu o preceptivo informe.

ANALISE

1. O artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo impón a todos os organismos e dependencias administrativas aos que a Valedora requira informe sobre a tramitación das queixas a obriga de remitilos “no prazo de quince días”. Ademais, o apartado 2 do mesmo artigo engade que “a negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada pola Valedora do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se é o caso, ao Parlamento.”

2. O dereito de acceso á información pública non está condicionado pola circunstancia de que a persoa solicitante teña a condición de interesada (“o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso a información... a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude; art.17.3 da Lei 19/2013 -LTAIPBG-).

3. Debe terse en conta a formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información, o que obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva, tanto as limitacións a ese dereito do artigo 14 da Lei 19/2013 como as causas de inadmisión de solicitudes de información do artigo 18.

O Tribunal Supremo, na súa Sentenza 3530/2017, sinala que “na Lei 19/2013 queda recoñecido o dereito de acceso á información pública como un auténtico dereito público subxectivo, ao establecer que "todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenrolados por esta Lei" (artigo 12); que a Exposición de Motivos da Lei configura de forma ampla ese dereito de acceso á información pública, do que son titulares todas as persoas, e que poderá exercerse sen necesidade de motivar a solicitude; que este dereito só se verá limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información -derivado do disposto na Constitución Española- ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos…”).

4. O obxectivo da normativa en materia de transparencia é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións públicas, coñecer como

se manexan os fondos públicos e coñecer baixo que criterios actúan as institucións públicas.

5. A transparencia pública, na que se engloba o acceso á información pública, atópase directamente relacionada co dereito fundamental a recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión (artigo 20.1.d) CE).

6. O concepto de información pública recollido na normativa é amplo. O artigo 13 da LTAIPBG prevé que "enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións."

7. No suposto que tratamos a solicitude refírese a información pública, de acordo coa súa definición legal.

8. Ademais, a resposta á solicitude de información pública debe ofrecer o recurso administrativo propio da normativa de transparencia, neste caso a posibilidade de recorrer ante a Comisión da Transparencia de Galicia, un órgano independente adscrito á Valedora do Pobo.

9. No suposto que coñecemos, da falta de información reiteradamente reclamada dedúcese a falta da primeira resposta e por tanto incumprimento de resolver no prazo dun mes, amplamente superado; e mesmo a falta de resposta ao recurso administrativo promovido pola reclamante. Por tanto resta a obriga da administración de resposta expresa, que permanece ao marxe doutras posibles garantías (recurso xurisdicional por resolución presunta).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello do Porriño as seguintes resolucións.

-Recomendación:

Que con urxencia se cumpra a obriga de responder á solicitude de información pública e ao recurso pendentes.

-Recordatorio de deberes legais e advertencia:

O art. 22.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, impón a todos os organismos e dependencias administrativas aos que a Valedora requira informe sobre a tramitación das queixas a obriga de remitilos "no prazo de quince días".

A negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada pola Valedora do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se é o caso, ao Parlamento."

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén se é o caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)